



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



CONVOCATORIA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA NOITES ABERTAS 2021

Xa estamos de volta!

Con todo o que está a pasar este ano Noites Abertas non quere deixar de ofertar un ocio educativo, participativo e saudable polo que se abre a CONVOCATORIA DE PROPOSTAS.

A oferta de actividades de Noites Abertas adaptarase ás medidas de seguridade e prevención COVID19 estipuladas.

A quen vai dirixida a convocatoria:

Asociacións, empresas, profesionais autónomos/as , etc que traballen n o eido da xuventude

Características das actividades de Noites Abertas 2021:

- Actividades de fin de semana (venres e sábados)
- Actividades online a través de reunións pola plataforma Zoom de Noites Abertas
- Actividades exteriores respectando as medidas de seguridade e prevención
- Inscripción obrigatoria a través da plataforma do programa
- Gratuitas, accesibles e plurais
- Aquelas actividades que non obteñan un mínimo de 5 inscricións, serán adiadas ou canceladas
- As datas e características das actividades estarán suxeitas en todo momento á evolución da situación sanitaria actual e polo tanto poderán sufrir modificacións ou incluso a súa cancelación.

Requisitos das propostas:

Opción a) Actividades online: 1 sesión única, puntual e monográfica

Opción b) Actividades ao aire libre: 1 actividade única, puntual e monográfica

Poboación destinataria: mocidade entre os 12 e os 30 anos. Todo o rango de idades ou algún tramo concreto

Duración: 2 horas máximo e mínima de 1 hora

Datas: calendario de Noites Abertas: venres e/ou sábados dos meses de febreiro, marzo, abril e maio de 2021

Horarios: no rango que vai entre as 20 e as 00h

Espazos: o propio de cada entidade para as actividades on-line e espazos exteriores para as actividades ao aire libre.

Prazo de presentación: do 15 ao 30 de decembro de 2020

Rematado o prazo, a Coordinación do programa Noites Abertas seleccionará un máximo de 50 propostas de actividades en función dos criterios establecidos. A comunicación dos seleccionados realizarase a partir do 15 de xaneiro de 2021.

Criterios para selección de propostas:

- **Interese para a mocidade** Teranse en conta as avaliacións doutras edicións para valorar o interese das actividades propostas.
- **Actividades de ocio educativo** Construtivas, lúdicas e participativas; que teñan que ver coa promoción da igualdade, da cultura galega, da saúde, a interculturalidade, arte, música, gastronomía, xogos, medioambiente...
- **Viabilidade** Sobre todo nas actividades on line, que se adapten a unha participación o máis activa posible a pesar das circunstancias actuais.

FORMULARIO ON LINE PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA NOITES ABERTAS 2021

<http://noitesabertas.gal>

INFORMACIÓN

Oficina Municipal de Xuventude - Concello de Pontevedra

Casa da Luz - Pza da Verdura s/n, 1º

986840367 noitesabertas@pontevedra.gal